


MYKES

ΜΥΚΕΣ



BOLETÍN DO
GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

VOLUME 25
2022

MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego
“Luis Freire”

Volume 25
2022



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

CONSELLO EDITORIAL

Coordinador José Rodríguez Vázquez

Consello de redacción:

Tixiana Albizúa Cabaleiro
Xan Bellón Muñiz
María Cabaleiro Alfaya
Patricia Comesaña Martínez
Hugo Fernández Ricón
Purificación Lorenzo Castro
Adrián Melón Raña
Gabriel Pérez Torrón
Mauro Rivas Ferreiro
Sergio Rojo Martínez

Consello científico asesor:

Nicanor Floro Andrés Rodríguez
Marisa Castro Cerceda
Ignacio García González
Alfredo Justo Fernández
Margarita Pérez Froiz
Antonio Rigueiro Rodríguez
Elvira Sahuquillo Balbuena

Maquetación:

M^a Ángela Comesaña Martínez

Os manuscritos remitidos a Mykes son revisados por asesores externos antes de seren aceptados ou rexeitados

SUBSCRIPCIÓN E EDICIÓN: Grupo Micológico Galego “Luís Freire”

DIRECCIÓN: Apartado de Correos 3083 (E-36200 - Vigo)

e-mail: conselloeditorial@mykes.es

web: www.mykes.es

Subscripción anual 10 €

Foto da cuberta: Placa homenaxe ao Dr. Luís Freire situada no parque de Santa Margarita (A Coruña)

IMPRIME: PLANOPRINT SLNE

ISSN: 1575- 068X

DEP. LEGAL: VG: 709-98

FORMA ALBINA DE *ASEROË RUBRA* LABILL. NA ZEC DAS GÁNDARAS DE BUDIÑO (PONTEVEDRA)

por

O. REQUEJO¹ & M.L. CASTRO²

REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2022. Forma albina de *Aseroë rubra* Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra). *Mykes* 25: 13-16.

RESUMO

Cítase unha forma branca do taxon *Aseroë rubra* con material gráfico, comentarios sobre a taxonomía e casos similares.

Palabras chave: *Aseroë*, Galicia, *Phallaceae*, *Agaricales*.

REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2022. Albino form of *Aseroë rubra* Labill. in the SAC das Gándaras de Budiño (Pontevedra). *Mykes* 25: 13-16.

SUMMARY

A white form of the taxon *Aseroë rubra* is cited with graphic material, comments on the taxonomy, and similar cases.

Key words: *Aseroë*, Galicia, *Phallaceae*, *Agaricales*.

INTRODUCCIÓN

Durante as mostraxes para o catálogo micolóxico da ZEC As Gándaras de Budiño, RED NATURA 2000 (REQUEJO & CASTRO, 2017), atópase unha curiosa forma branca de *Aseroë rubra* (*Agaricales*, *Phallaceae*).

¹ Grupo Micolóxico Galego, San Xurxo, A Laxe 19, 36470 Salceda de Caselas; correo: oscarequejo@hotmail.com

²Facultad de Biología, Campus Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo; correo: lcastro@uvigo.es

Hai evidencias de que a facilidade de producir carotenos pode ser unha ferramenta para combater o estrés oxidativo ou a exposición á luz, unha adaptación para poder desenvolver funcións non fundamentais (AVALOS & LIMÓN, 2015), por elo podemos atopar formas brancas de algunhas especies, sen que esta carencia cromática impida completar as súas funcións biolóxicas.

Para algunhas especies de interese comercial, xa se investigou e descubriu o xen causante do albinismo, co fin de poder cultivalas na súa forma acromática (KITAMOTO *et al.*, 1993; XIONG *et al.*, 2014; KAWAGUCHI *et al.*, 2019), aínda que na maioría dos casos o pigmento que se altera é a melanina.

METODOLOXÍA

A metodoloxía segue a liña dos traballos anteriores realizados en torno a catalogación dos fungos de As Gándaras de Budiño, que se pode consultar de forma mais pormenorizada en REQUEJO & CASTRO (2017). No momento de recoller o material se tomaron fotografías e notas en fresco, tanto de caracteres fugaces coma do hábitat. Despois se deshidratou cun convector de aire para a posterior revisión no laboratorio, etiquetado, e depósito no herbario correspondente, neste caso é o do Grupo Micolóxico Galego (GMG-fungi).

RESULTADOS E DISCUSIÓN

***Aseroë rubra* Labill., Voy. rech. Pérouse, 1: 145. 1800**

PONTEVEDRA: O Porriño, Torneiros, Gándaras de Budiño, baixo *Quercus robur* e *Alnus lusitanica*, 11-XI-2021, Óscar Requejo, GMG-Fungi 0803 (fig.1).

Os caracteres morfolóxicos concordan coas descrições consultadas (DRING, 1980; CALONGE & REQUEJO, 2009), exceptuando a cor do receptáculo.

Non se atoparon rexistros de estas formas brancas, sen embargo, xa fora observada por FISHER (DRING, 1980), sen mencionar ningunha localización.



Fig. 1. *Aseroë rubra* Labill., basidiomas blancos.

Lysurus arachnoideus (E. Fisch.) Trierv.-Per. & K. Hosaka, tradicionalmente coñecido como *Aseroë arachnoidea* E. Fisch. (TRIERVEILER-PEREIRA *et al.*, 2014), tamén é de color branco, pero os brazos do receptáculo non son bífidos, ademais ten as esporas máis pequenas, 2,5-3,5 x 1,5 μm , mentres que en *A. rubra* son de 3-5,5 x 1,5-2 μm (DRING, 1980).

Esta ausencia total de pigmento vermello, tamén se pode observar en especies próximas *Lysurus cruciatus* (Lepr. & Mont.) Henn., da que se recolleu material totalmente branco (REQUEJO, 2014) e a bibliografía o indica con coloración avermellada (CALONGE, 1999).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AVALOS, J. & LIMÓN, M.C. 2015. Biological roles of fungal carotenoids. *Curr. Genet.*, 61(3): 309-324. DOI: 10.1007/s00294-014-0454-x
- CALONGE, F.D. 1999. *Setas de Madrid y alrededores. 2. Gasteromycetes*. Madrid. Ed. Sociedad Micológica de Madrid.
- CALONGE, F.D. & REQUEJO, O. 2009. *Aseroë rubra* (Phallales), a new record for Spain. *Micol. Veg. Medit.*, 24(1): 19-22.
- DRING, D.M. 1980. Contributions towards a rational arrangement of the *Clathraceae*. *Kew Bull.*, 35: 1-96.
- KAWAGUCHI, N., HAYASHI, M., CHEN, F.-C., SHIMOMURA, N., YAMAGUCHI, T. & AIMI, T. 2019. Genetic analyses of causal genes of albinism (white fruiting body) in *Grifola frondosa*. *J. Wood Sci.*, 65(1): 32. DOI: 10.1186/s10086-019-1811-7
- KITAMOTO, Y., NAKAMATA, M. & MASUDA, P. 1993. Production of a novel white. *Flammulina velutipes* by breeding. In: Chang, S.T., Buswell, J.A. & Miles, P.G. (eds.) *Genetics and breeding of edible mushrooms*. Philadelphia. Gordon & Breach: 65-86.
- REQUEJO, O. 2014. Novas citas de *Lysurus cruciatus* (Lepr. et Mont.) Lloyd para o noroeste da Península Ibérica. *Mykes*, 16: 7-11. [2013]
- REQUEJO, O. & M.L. CASTRO. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 3-216.
- TRIERVEILER-PEREIRA, L., DA SILVEIRA, R.M.B. & HOSAKA, K. 2014. Multigene phylogeny of the Phallales (Phallomycetidae, Agaricomycetes) focusing on some previously unrepresented genera. *Mycologia*, 106(5): 904-911.
- XIONG, D., WANG, H., CHEN, M., XUE, C., LI, Z., BIAN, Y. & BAO, D. 2014. Application of mating type genes in molecular marker-assisted breeding of the edible straw mushroom *Volvariella volvacea*. *Sci. Hort. (Amsterdam)*, 180: 59-62.

MICROBIOTA

| | |
|---|-----|
| GAREA, M. & REQUEJO, O. <i>Choeroglyphus subfulmineus</i> , unha nova cita para unha especie recentemente descuberta..... | 1 |
| REQUEJO, O. & CASTRO, M. L. Forma albina de <i>Aseroë rubra</i> Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra)..... | 13 |
| BLANCO-DIOS, J. B. Micobiota da Illa de Tambo (Poio, Pontevedra). (I)..... | 17 |
| ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) II: Catálogo bibliográfico actualizado ata o ano 2021 | 55 |
| CASTRO, M. L. Aportación ao coñecemento da micobiota do concello de Cortegada (Ourense, NO. de España)..... | 89 |
| REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. Estado actual do estudo dos Myxomycetes G. Winter (Eumycetozoa L.S. Olive) en Galicia (NO. Península Ibérica) III: Ecoloxía e patróns de frutificación..... | 111 |

COMUNICACIÓNS

| | |
|--|-----|
| MÍNGUEZ, A. A presenza dos cogomelos na prensa galega. O papel dos medios de comunicación na divulgación micolóxica galega (1961-2021): <i>La Voz de Galicia</i> | 113 |
| CASTRO, M. L. & CABALEIRO, M. A «sabia» de Torbeo (Ribas de Sil, Galicia), Filomena Arias Armesto, e os cogomelos..... | 146 |

MISCELÁNEAS

| | |
|------------------------------|-----|
| Actividades..... | 157 |
| Instrucións aos autores..... | 159 |